



Memoria de actividades realizadas no ano 2025

No ano 2025 a Asociación cultural e musical Solfa realizou, colaborou e organizou as actividades culturais que se sinalan a seguir:

Homenaxe a Rosalía. Sábado 22 de febreiro en San Domingos de Bonaval

Día de Rosalía de Castro 2025



A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) conmemorou un ano máis o Día de Rosalía de Castro e, como en anos anteriores, convidou a participar á Asociación cultural e musical Solfa deste acto.

Nesta edición de 2025, **Marga do Val** foi a persoa encargada da redacción do **Manifesto da AELG**, que foi lido no acto central do **Día de Rosalía de Castro**, o **sábado 22 de febreiro ás 12:00 horas** no Panteón de Galegos Ilustres, en Santiago de Compostela. A coral Solfa no desenvolvemento deste acto interpretou catro poemas:

- **A Rosalía** Poema de M. Curros Enríquez (Música de José Alfredo Oliveira)
- **Soia!** Poema de Rosalía. (Música de Xosé Carlos Seráns Olveira)
- **Adiós Ríos** Poema de Rosalía. (Música de Luís Taibo – Arr.: Fco. Tobar Cereijo)
- **Negra sombra.** Poema de Rosalía (Música de Xoán Montes – Arr.: Joám Trillo)

Ligazón do manifesto: <https://www.aelg.gal/actividades>

Concerto das Letras Galegas 2025



A Coral de Solfa, xunto coas corais Ponte Mantible, Amigos do Castiñeiriño, Asubío e Crecente de Voces Graves, ofreceron o venres 16 de maio, ás 20.00 horas, no Teatro Principal de Compostela, o Concerto das Letras Galegas 2025. Dirxidos por David Lojo Ces, interpretaron:

- **Maria Soliña** (Poema de Celso Emilio Ferreiro , música de Carlos Núñez e Teresa Salgueiro con arranxos de Francisco Tobar Cereijo)
- **Fisterra** (Tradicional, arranxos de Francisco Tobar Cereijo)
- **A Costureira** (Tradicional, arranxos de Francisco Tobar Cereijo):”

Así rezaba a nosa convocatoria:”

A celebración das Letras Galegas 2025 homenaxea sete cantareiras e pandeireteiras autoras de música tradicional de transmisión oral. Elas representan mulleres e homes que ao longo dos séculos mantiveron

a nosa tradición até facérena chegar aos nosos días. Mais este festexo debe esporear tamén a reflexión crítica. Ofrecer como tradición textos que non están en galego é deixar fóra o contexto de subordinación que viviu e vive a nosa lingua e, así, falsear a realidade. A nosa tradición musical está na base da nosa identidade cultural e debe servir para recuperarmos o orgullo de termos unha cultura diferenciada expresada na nosa lingua propia e orixinal.

A conmemoración das Letras Galegas é tamén unha exaltación da lingua, pois esta é a base da literatura. As e os artistas actuais deben ofrecer dos textos tradicionais unha lectura á altura do proceso de normalización do noso tempo e desbotar deformacións e interferencias que converten o galego nun dialecto.


Debemos pór en valor o noso patrimonio musical; a súa riqueza e variedade ben merecen a nosa dedicación e o noso afecto. A música galega non pode constituír un “toque local” no repertorio das corais; debe gozar dun status substancial, estrutural como elemento dinamizador esencial da nosa cultura”.

Centro sociocultural das Fontiñas



O luns 12 de maio ás 19 horas no Centro Sociocultural das Fontiñas celebramos o día das Letras Galegas coa actuación das pandeireiras da Asociación Cultural e Musical Solfa, a lectura de poesía popular a cargo de Arancha Nogueira e a inauguración do Mural conmemorativo das pandeireiras de Mens.

Manifestación 17 de maio. Lingua vital xa!



A Asociación Cultural e Musical Solfa sumouse ao chamamento que fixo a Plataforma Queremos Galego a participar na multitudinaria foliada pola lingua.

O 17 de maio voltamos ás rúas co clamor unánime de *Lingua vital xa!*

Quixemos que na manifestación que saíu ás 12 h da Alameda de Santiago, o baile e as pandeiretas encheran as rúas para rematar na praza do Obradoiro nunha multitudinaria foliada pola lingua que foi a grande homenaxe colectiva ás cantareiras e pandeireteiras. Por moito que a tentaron calar, a música galega rexurdeu unha e outra vez e con ela a nosa lingua.

As pandeireteiras de Solfa estiveron tamén nesta foliada. <https://www.queremosgalego.gal/>

Galiza Cultura trae a Compostela a exposición “Humor para mudar o mundo. Que graza!» de Pepe Carreiro



A Asociación Cultural e Musical Solfa, integrante da federación Galiza Cultura, participou co seu canto na inauguración da exposición “*Humor para mudar o mundo. Que graza!*” de Pepe Carreiro, que tivo lugar o **día 2 de xuño**, ás 18 h, no Centro Sociocultural Maruxa e Coralia.

A exposición constou de 50 pezas da extensa e brillante obra de Pepe Carreiro. Co título “*Humor para mudar o mundo. Que graza!*”, Pepe Carreiro sintetizou a súa forza creativa en dúas sentenzas. A primeira, en serio e pretenciosa (*Humor para mudar o mundo*), deu paso a unha segunda sentenza que, nunha contestación burlesca (*Que graza!*), rebaixou as ínfulas

da primeira para lle dar un baño de realidade.

Pepe Carreiro foi un dos debuxantes galegos máis relevantes dos últimos 40 anos. Colaborou en xornais como *Faro de Vigo*, *Diario de Galicia*, *La Voz de Galicia*, *El Mundo* (edición Galiza) e *Xornal de Galicia*, así como en semanarios e revistas como *A Nosa Terra*, *Can sen Dono* e *Xo!*. Foi considerado o mellor satírico da prensa, cunha gran forza ridiculizadora e destrutiva, que o acabou retirando dos xornais desde 2009, aínda que seguiu colaborando en revistas como *Tempos Novos* ou *A Trabe de Ouro* e no xornal *Nós Diario*.

Foi un mestre da síntese expresiva, tanto desde o punto de vista do debuxo como do texto. Neste sentido, encadrouse de cheo na tradición do humor gráfico galego inaugurada por Castelao. Foi tamén un gran impulsor do humor gráfico en Galiza, coa fundación das propias revistas *Can sen Dono* e *Xo!*.

Concerto homenaxe ás cantareiras, no Ano Castelao en Lugo



A Asociación do Estudantado de IV Ciclo da USC foi a organizadora do concerto que tivo lugar o sábado día **7 de xuño**, ás 19 h, na Praza Maior da cidade de Lugo. Este evento homenaxeou a todas as cantareiras que dedicaron a súa vida a poñer en valor o noso idioma e a nosa música tradicional.

O ano 2025 estivo dedicado ao legado e á memoria de Daniel Castelao. A Coral Solfa rendeu-lle homenaxe, baixo a batuta do seu director, David Lojo Ces, e interpretou:

Lela

Poema de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
Música Rosendo Mato Hermida
Arranxos de Francisco Tobar Cereijo

Na morte de Castelao

Poema de Ramón Cabanillas
Música de Francisco Tobar Cereijo

Costureiriña bonita

Letra e música popular
Arranxos de Francisco Tobar Cereijo

Ó Rama, ó que linda rama

Canción popular portuguesa
Música de Adelino Martins.

Concerto final de curso 24/25



A Asociación Cultural e Musical Solfa celebrou o luns **16 de xuño** o seu concerto de fin de curso coa participación do grupo de baile, do grupo de pandeireteiras e mais da coral de Solfa.

O concerto tivo lugar no Centro Sociocultural das Fontiñas ás 19:00 horas. Este evento contou coa colaboración da Deputación da Coruña.

Concerto na Praza das Praterías



O sábado 21 de xuño, ás 20:00 h, na Praza das Praterías de Compostela, tivo lugar o concerto organizado pola Asociación Cultural e Musical Solfa, no que actuou como coral convidada a Coral Polifónica de Melide.

Traballo, esforzo e emoción non faltaron. Fomos cada vez máis as agrupacións que, con maior ou menor implicación, sentimos a necesidade de beber da música tradicional e dos textos dos nosos escritores e escritoras, conscientes de que un pobo que non canta o seu non ten futuro.

Con este concerto, contribuímos a preservar e transmitir un legado que debemos agrandar e enriquecer, mantendo viva a nosa identidade a través da música.

Este evento contou coa colaboración da Deputación da Coruña.

Castelao Sempre en Galiza

Homenaxe a Castelao, venres, 27 de xuño, ás 20h. no Panteón de Galegos Ilustres.



Este ano fixéronse 75 anos do falecemento de Castelao no exilio, a personalidade máis significativa de Galiza do século XX. Toda a súa obra artística, literaria e pensamento político nacionalista tivo sempre a Galiza como protagonista e dedicou toda a súa vida ao servizo do país. Ninguén mellor que el foi capaz de representar ao pobo galego, denunciar a súa opresión e reclamar os seus dereitos colectivos.

Co obxecto de divulgar e coñecer a figura de Castelao, Vía Galega e Galiza Cultura realizaron diferentes actividades por toda Galiza. No marco desta programación, o 27 de xuño, ás 20 h, celebráronse un acto de admiración e homenaxe no Panteón de Galegos Ilustres, onde repousan os seus restos.

Tereixa Navaza e Carlos Callón conduciron o acto e deron lectura a textos de Castelao. A Coral Solfa cantou a Castelao, interpretando *A Castelao* (Manuel María), *Olla meu irmau honrado* (Celso Emilio Ferreiro), *Lela* (Castelao) e *Na morte de Castelao* (Ramón

Cabanillas). Pilar García Negro disertou sobre *O valor de Castelao no século XXI* e rematou o acto cunha ofrenda floral na tumba de Castelao e coa interpretación do Himno Galego.

Foi un pracer para todos os presentes compartir este evento con Vía Galega e Galiza Cultura, cheo de emoción e participación.

XII edición do Convivio da Cultura Galega




O **sábado 12 de xullo** celebráronse a XIIª edición do Convivio da Cultura Galega, cunha xornada dedicada á figura de Manuel María. O encontro comezou ás 11:15 h na horta da Casa-Museo Manuel María, coa música da Coral Solfa. A continuación, realizouse unha homenaxe no cemiterio a Manuel María e Saleta.

Ás 12:30 h, en Santa Isabel, tivo lugar a actuación da Banda Sons e Soños, acompañada por Branca Villares, quen interpretou pezas baseadas na obra do poeta. Despois do xantar a foliada conducida por Xurxo Souto, na que participaron grupos como Mestura de Nete, Foliadeir@s do Castro, Música na Eira, Tradivivas Agra, Reviravolta e Parabéns.

fiesta no barrio das Fontiñas

Un grupo de mozas e mozos quixo impulsar unha festa no barrio das Fontiñas. Desde o día 17 de setembro ata o 21 houbo mercadiño artesanal, xogos populares, Banda Municipal, Trío Alborada, charanga, nun cartel cheo de ilusión e ganas de festa. A coral Solfa participou nesta festa de barrio na que a mocidade encheu as Fontiñas.

O Teatro Principal acollerá a obra *Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto de Castelao*



Desde 2023, Galiza Cultura promoveu a celebración do Samaín popularizando a obra de Castelao, *Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto* (Ed. Céltiga, 1922). O esqueleto protagonista relatou as súas memorias, que recolleron as peripecias dunha existencia máis alá da morte, sobre o mundo dos vivos.

O 3 de novembro, ás 20:00 h, o Teatro Principal foi o escenario onde esta historia cobrou vida. A montaxe contou coa participación de membros da Coral de Solfa de Santiago e da Agrupación Cultural

O Galo, baixo a adaptación e dirección de Lucho Penabade.

A través da mirada dese esqueleto, “soterrado nun cemiterio de cidade pero moi atento ao que acontecía fóra”, o público puido rir, reflexionar e reconecerse nas situacións que Castelao retratou: as loitas labregas, o drama da emigración, o caciquismo ou a defensa do idioma galego... Temas que, máis dun século despois, continuaron plenamente vixentes.

Como sinalou Manuel Rei Romeu en *Desta terra e deste tempo*, “Castelao animounos a desentrañar as claves e leitmotivs dun universo simbólico que conduceu a unha toma de conciencia e a unhas conclusións sobre o mundo dos vivos.”

Esta representación ofreceu ao público a oportunidade de achegarse á obra e ao pensamento de Castelao desde unha perspectiva viva e simbólica, perfecta para celebrar o Samaín cunha reflexión cultural e histórica.

Agradecemos ao Concello de Santiago todo o seu apoio e a súa disposición para que esta obra se representase en Compostela.

Compostela, 25 de febreiro de 2026